

MOCIÓN DE AER SOBRE APOIO A UNHA AGRICULTURA LIBRE DE TRANSXÉNICOS (INICIATIVA GRUPO LOCAL DE ESQUERDA UNIDA)

PLENO 29 DECEMBRO 2011. ACTA 22/2011

A Agrupación de Electores de Redondela, recollendo a iniciativa do Grupo local de **Esquerda Unida**, recollendo a iniciativa trasladada pola **Plataforma Galega Antitransxénicos**, coñecedora dos riscos que para a biodiversidade e para a saúde supoñen a liberación de Organismos Modificados Xeneticamente ao Medio Ambiente, consciente dos efectos irreversibles e imprevisibles que a contaminación xenética producirá nos ecosistemas, en defensa da aplicación do principio de precaución, propón en base ao artigo 19 do Regulamento Orgánico do Concello de Redondela e ao artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a seguinte **MOCIÓN**, para o seu debate, e no seu caso, aprobación no vindeiro Pleno Ordinario.

Os organismos modificados xeneticamente (Oxm's) obtéñense mediante a enxeñería xenética, que permite crear plantas, animais e microorganismos manipulando os seus xenes.

Nos últimos anos, esta técnica foi empregada pra tentar introducir novas características nos cultivos e, dende hai pouco máis dunha década, seméntanse nalgúns países variedades modificadas xeneticamente (Oxm's), principalmente soia, millo, algodón e colza.

Por outra parte, os coñecementos científicos actuais non son suficientes pra predicir con exactitude tódalas consecuencias da manipulación do novo organismo no que se introduciron xenes estraños, nin a súa evolución e interacción con outros seres vivos unha vez liberado un Oxm's ao medio ambiente.

Tras once anos de cultivo, comprobouse que as sementes modificadas xeneticamente non reportan os beneficios prometidos pola industria biotecnolóxica.

- Contaminacións xenéticas por produtos químicos.
- Perigo para a biodiversidade silvestre e agrícola.
- Erosión dunha agricultura e alimentación libres de transxénicos.
- Danos a labregos e labregas por perda de mercados.
- Conflitos entre labregos e labregas.
- Expulsións do ciclo produtivo dos labregos e das labregas de menor escala.

Os impactos sobre o medio ambiente están cada vez máis documentados:

- Contaminacións de especies silvestres emparentadas.
- Redución da biodiversidade.
- Contaminacións químicas do solo e dos acuíferos.

O emprego da enxeñería xenética na agricultura non pode considerarse unha simple ferramenta de produción. O debate sobre os cultivos MX vai moito máis alá da mera aplicación dunha tecnoloxía nova, e plantexa certas cuestións éticas ca sociedade non pode eludir.

No Estado Español cultívanse arredor de 77.000 Ha de cultivos MX, sendo o líder europeo no mesmo, tamén un dos principais exportadores deles.

1. Os organismos xeneticamente modificados non contribuíron a aliviar a pobreza nin a fame no mundo. Ao contrario, as aplicacións comerciais da biotecnoloxía na agricultura están aumentando a fenda que separa a pobres e ricos. A maior parte das colleitas de cultivos MX destínanse á alimentación gandeira, é dicir, para satisfacer o consumo de carne dos países ricos.

2. Ao igual que no conxunto dos europeos, unha maioría da poboación oponse aos alimentos transxénicos. Temos dereito a saber o que consumimos e a decidir sobre elo, así esa decisión sexa ideolóxica, política ou ética.

3. Redución no uso de produtos tóxicos, as plantas tolerantes ao herbicida permiten aos labregos usar grandes cantidades dos mesmos, a aparición de resistencias nas “malas herbas”, obriga a incrementar o uso dos agrotóxicos, é dicir mais ganancias para as grandes multinacionais dos agrotóxicos.

4. Creación de alimentos con maior calidade nutricional e terapéutica. Ao día de hoxe ningún Oxm's contén ditas características, máis créanse incertezas e ameazas para a nosa saúde coma: novas alerxias, toxicidade como danos nos riles e anomalías nos glóbulos brancos, resistencias a antibióticos, acumulación de agrotóxicos...

O mercado transxénico apóiase na obtención de patentes e no cobro de dereitos sobre a utilización das sementes. Está en xogo nada menos co control da agricultura e a alimentación nunhas poucas mans. Esiximos o dereito a Soberanía Alimentaria, entendendo como tal o dereito a elixir sobre que tipo de alimentación queremos consumir, quen a vai producir, como e onde se vai cultivar e na elección das políticas agrarias que nos afectan como Pobo.

A soberanía e a nosa seguridade alimentaria dependen da nosa biodiversidade e da riqueza dos nosos pobos coma consecuencia da sabedoría e os coñecementos transmitidos de xeracións en xeracións.

O mantemento dunha agricultura libre de transxénicos é indispensable perante dos moitos interrogantes en termos de rendemento, de problemas ambientais, ou de saúde, dos cultivos manipulados xeneticamente.

De aí a esixencia irrenunciable de que se aplique o principio de precaución e a Cláusula de Salvagarda. Dita cláusula está prevista no articulado 23 da Directiva 2001/18/CE. Fixa que, se un estado ou rexión dispón de nova información que certifica que un determinado transxénico supón riscos para a saúde humana e o medio ambiente, poderá restrinxir ou prohibir provisionalmente no seu territorio o uso ou a venda do mesmo.

Non esquezamos que a declaración universal dos dereitos humanos considera a alimentación e ao benestar nutricional como un dereito fundamental das persoas. O mundo necesita enfoques agrícolas sostíbeis, é hora de que os gobernos e os especialistas adiquen as súas enerxías e recursos a desenvolver tecnoloxías e políticas compatíbeis coa protección do medio

ambiente, unha produción segura e de calidade, un reparto xusto entre tódolos seres humanos e por suposto unha clara información os/as cidadáns.

Os/as cidadáns endexamais demandaron alimentos transxénicos, nin os demandan hoxe en día.

A declaración de “Zona Libre de Transxénicos” é un acto simbólico de rexeitamento por parte de concellos, deputacións provinciais ou comunidades autónomas, ao cultivo de Organismos Modificados Xeneticamente. As administracións, a través da “Zona Libre de Transxénicos” teñen unha ferramenta para protexer o seu medio ambiente, a saúde dos seus cidadáns e a calidade dos seus produtos agrícolas, así como a súa biodiversidade. En Galiza temos concellos que xa amosaron a súa desconformidade con este tema, declarándose **Zonas Libres de Transxénicos** como son os casos de:

Lalín, O Grove, Silleda, Santiago de Compostela, Irixo, Chantada, Val do Dubra, Ames, Teo, Negreira, Riotorto, Verín, Forcarei, Ribadavia, Allariz e máis recentemente Mesía, Zas, Laxe, Salceda de Caselas, Gondomar e Cabana de Bergantiños.

Por todo o anteriormente exposto, propomos ao Pleno do Concello de Redondela a adopción do seguinte ACORDO:

Declarar o concello de Redondela coma Zona Libre de Transxénicos, recollendo os seguintes aspectos:

- 1. Debátase a situación dos ensaios con millo transxénico en Galicia e se posicionen contra do cultivo de millo transxénico e doutras plantas xeneticamente modificadas, tanto para venda como para autoconsumo (animal e/ou humano) nas propias explotacións, así como sobre as posibles parcelas de cultivo experimental.**
- 2. Acorde facer pública a oposición deste Concello ao cultivo ao aire libre comercial ou experimental de millo transxénico e doutras plantas xeneticamente modificadas e aos alimentos transxénicos.**
- 3. Acorde realizar as xestións necesarias ao obxecto de garantir que nos establecementos dependentes deste Concello non se expendan ou sirvan comidas ou bebidas que conteñan entre os seus ingredientes OMXs ou os seus derivados.**
- 4. Acorde promover que os establecementos privados de venda de alimentos sitos no termo municipal non sirvan ou vendan alimentos modificados xeneticamente ou produtos derivados.**
- 5. Acorde ditar as disposicións necesarias ao obxecto de que as Ordenanzas municipais declaren actividades insalubres e nocivas non autorizables, conforme o planeamento urbanístico, en parte algunha do termo municipal, as probas de campo con sementes ou calquera outra liberación intencionada de organismos modificados xeneticamente con fins experimentais.**
- 6. Acorde declarar a sementeira de variedades comerciais de sementes modificadas xeneticamente mediante técnicas de ADN recombinante, actividade insalubre e nociva, e en consecuencia sometida ás obrigacións xenéricas legalmente previstas.**

7. Acorde solicitar ao Consello do Goberno de Galicia que inicie os trámites normativos necesarios para conseguir que Galicia sexa un dos territorios da UE libre de cultivos transxénicos.

8. Acorde trasladar as decisións tomadas ao Ministerio de Medio Ambiente, Medio rural y Mariño, á Consellería de Medio Rural e de Medio- Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia.

9. Tomar todas as medidas necesarias para facer respectar este acordo"

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación, a Corporación en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes sendo vinteún votos a favor (10 do PP, 8 do PS de G-PSOE,2 do BNG e 1 de AER) acordou aprobar nos seus propios terminos a moción transcrita coas modificacións suxeridas polo voceiro de AER polo que o acordo adoptado queda como sigue:

1. Acorde facer pública a oposición deste Concello ao cultivo ao aire libre comercial ou experimental de millo transxénico e doutras plantas xeneticamente modificadas, e a oposición aos alimentos transxénicos.

2. Acorde realizar as xestións necesarias ao obxecto de garantir que nos establecementos dependentes deste Concello non se expendan ou sirvan comidas ou bebidas que conteñan entre os seus ingredientes OMXs ou os seus derivados e particularmente nos comedores escolares.

3. Acorde promover que os establecementos privados de venda de alimentos sitos no termo municipal non sirvan ou vendan alimetros modificados xeneticamente ou produtos derivados.

4. Acorde ditar as disposicións necesarias ao obxecto de que as Ordenanzas municipais declaren actividades insalubres e nocivas non autorizables, conforme o planeamento urbanístico, en parte algunha do termo municipal, as probas de campo con sementes ou calquera outra liberación intencionada de organismos modificados xeneticamente con fins experimentais.

5. Acorde declarar a sementeira de variedades comerciais de sementes modificadas xeneticamente mediante técnicas de ADN recombinante, actividade insalubre e nociva, e en consecuencia sometida ás obrigacións xenéricas legalmente previstas.

6. Acorde solicitar ao Consello do Goberno de Galicia que inicie os trámites normativos necesarios para conseguir que Galicia sexa un dos territorios da UE libre de cultivos transxénicos.

7. Acorde trasladar as decisións tomadas ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, e ás Consellerías de Medio Rural e de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia.

8. Tomar todas as medidas necesarias para facer respectar este acordo.